



ENVIOS POSTALES DE PROPAGANDA ELECTORAL
ENVIOS POSTAIS DE PROPAGANDA ELECTORAL

FRANQUEO
PAGADO

Construindo Alternativa




esquerda unida
www.esquerdaunida.org

Construindo Alternativa



esquerda unida
www.esquerdaunida.org





esquerda unida

Prezada veciña, prezado veciño

Vivimos tempos para adoptar decisións valentes. Os nosos gobernantes, meros administradores deste inxusto sistema capitalista, en lugar de defendernos están a recortar os nosos dereitos amparándose na crise. Xa que logo, as conquistas acadadas con moitos anos de loita e esforzo están a esfumarse diante dos nosos ollos: a contrarreforma laboral, o empeoramento das nosas condicións laborais, a lesiva reforma das pensións, os recortes en servizos sociais, as reducións salariais ou as privatizacións dos servizos públicos, son exemplos ben significativos.

Aínda que todos estamos indignados diante desta situación, ninguén actúa. Mais Esquerda Unida afirma que **hai alternativa**, que existe unha forma distinta de facer política, que si podemos aspirar a un modelo de vida máis xusto, sostíbel e solidario. En definitiva, un modelo centrado en nós, as persoas.

Temos a firme vontade política de avanzares na democracia participativa porque cremos que outra política é posíbel si se desenvolve entre todos e todas. Por iso, avanzaremos na **participación cidadá mediante orzamentos participativos** para que a veciñanza decida os investimentos do seu barrio.

Entendemos que o concello, como a Administración máis próxima a cidadanía, ten moito que dicir na **reactivación económica local** e no cambio do modelo produtivo cara a unha economía verde menos dependente do petróleo que permita a creación de emprego estábel, de calidade e cun salario digno.

Apostamos polo **público coma garante social** para asegurar a soberanía alimentaria da nosa veciñanza, a universalización dos servizos sociais e o acceso a unha vivenda digna para todos e todas. É dicir, recuperar o estado do benestar mediante unha Administración eficaz e austera que sexa quen de redistribuír a riqueza.

Loitamos por acadar o **respecto entre as persoas e a igualdade** de posibilidades, sen importar sexo, raza, nivel económico o lugar de procedencia.

En Esquerda Unida loitamos para que as **mulleres sexan protagonistas da política municipal**, para que produzan feitos reais que cambien as nosas vidas e a sociedade. As nosas políticas de igualdade son tendientes a producir o empoderamiento social das mulleres.

Pulamos pola **democratización da cultura** para que sexa accesíbel a todas e todos mediante a súa descentralización cara aos barrios e a promoción de talentos locais

Desenvolvemos un **urbanismo racional e sustentábel** xunto cunha mobilidade universal para vivir en equilibrio coa nosa terra.

Defendemos a política coma ferramenta ao servizo da cidadanía para mellorar a calidade de vida da veciñanza. Estamos **construíndo alternativa**, a alternativa das persoas.

**O 22 de maio, atrévete e defende os teus dereitos.
Contamos coa túa forza.**